

Informe sobre o topónimo **Mehá*

No escudo do club de fútbol *Galicia de Mugardos* figura o topónimo *Mehá* que se corresponde co topónimo *Meá*

Meá ou *Vilameá* é a forma tradicional e lexítima de designar lugares que están situados no medio doutros que en tempos eran máis sonados ou ben que en altitude estaban a media altura da costa, nin no alto (como podería ser *Vilouta*, *Cima de Vila*, *Ribadevila*, *Aldea de Arriba* etc.) nin no baixo (*Fondo de Vila*, *Fondevila*, *Aldea de Abaixo*). A forma *Meá*, procedente de MEDIANA, parece indicar unha situación intermedia entre outros dous núcleos habitados, situados como queda dito, en diferente altitude pero, por veces, tamén na mesma altitude. Así encontramos *Vilameá*, *Grandameá* e *Campomeán*, *Montemeán* ou *Leiromeán*. En moitos casos o substantivo elidiuse e só se conservou o adxectivo *Meán* ou *Meá*, como é o caso.

Esa parroquia aínda no *Catastro de Ensenada* (sec. XVIII) e no *Diccionario de Madoz* (séc. XIX) figura como *Meá*. A presenza dese *-h-* entre vogais en hiato apareceu nos nomenclátors do século XX, probablemente por descoñece-la verdadeira orixe deste topónimo ou por algunha outra razón pero, en calquera caso, nin é antiga nin está xustificada etimoloxicamente.

Por todo isto a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, que é a autoridade competente na materia segundo a Lei 3,1983 do Parlamento de Galicia, estableceu no seu día que a forma deste topónimo é *Meá* (sen *h*) e así figura no [Nomenclátor de Galicia](#), sendo hoxe a única forma oficial e válida.

Parece correcto, polo tanto, actualiza-lo topónimo no escudo do club de fútbol *Galicia de Mugardos* adecuándoo á forma histórica e á forma que figura no *Nomenclátor de Galicia*, hoxe oficial para tódolos efectos.

